



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA

Informe da reunión da Xunta de Persoal da provincia de Lugo coa presenza da Xefatura de Inspección

29 de abril de 2016

Organizacións presentes: ANPE, CC OO, CIGA, CSIF, STEG e UXT.

1. POSTOS DE ALUMNADO DE ATENCIÓN PREFERENTE

- A Xunta de Persoal interésase polo xeito de solicitar as prazas de escolarización a alumnado de atención preferente ao non ser convocado o concurso de méritos.

A Xefatura de Inspección informa de que non hai un procedemento escrito e que na provincia de Lugo, cando se observaron as vacantes, decidiuse poñer filtros, de xeito que para a asignación destas prazas precisase:

- solicitude do centro debidamente motivada.
- Informe da/o titora/titor e do equipo docente.
- Informe do Departamento de Orientación do centro.
- Informe do Equipo de Orientación Específico (deste curso, sinalando a necesidade de que a/o alumna/o en cuestión siga a manter a mesma mestra/e, profesora/or)
- Informe da/do inspectora/or de zona.
- Remisión á Dirección Xeral de Recursos Humanos.

Neste senso, a Xunta de Persoal interésase pola natureza dese informe da dirección e a Xefatura de Inspección responde que "dito informe debera contemplar a opinión das nais/pais sobre a situación, no camiño de que as familias estean ao tanto".

A Xunta de Persoal pregunta se o ano que vén a Consellería non saca o concurso, terá que haber novamente informe.

A Xefatura de Inspección di que se debe manifestar o Equipo de Orientación Específico ano a ano (namentres non haxa instrucións de orde superior noutro senso). Igualmente, manifesta que ao non haber concurso de méritos para estas

prazas non se vai contemplar para esta cuestión o límite de 6 anos contemplado no artigo 7º da última convocatoria(2010).

A Xefatura de Inspección indica que o P.T. definitivo podería especializarse na atención a este alumnado e que os postos de atención preferente deberan quedar para cubrir cousas máis específicas.

O STEG indica que precisamente para evitar situacións deste tipo, confusión, malentendidos e valoracións subxectivas de efectividade incerta, é conveniente arbitrar o proceso cun concurso de méritos onde se recolla coa maior precisión posíbel o percorrido do proceso, para que todo o mundo dispoña da información e se garanta a atención do alumnado preferente conforme aos criterios debidos(transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades).

A Xunta de Persoal matiza o caso de que a falta de concreción e de concurso, se puidera dar o caso de persoas que foran “acumulando”, atención a alumnado preferente dunha alumna/o a outra/o, permanecendo máis tempo do debido nesta situación, conforme á ausencia dunha norma que regule ben este tema.

CSIF comenta que nesa listaxe de prazas que inicialmente se achegara(para o concurso que finalmente non sae), non aparecía 1 praza no CEE de Santa María e 1 praza en Monforte.

A Xefatura de Inspección di que non é que desapareza, senón que se entende que nos centros de Educación Especial hai PT dabondo para atender o alumnado de atención preferente e non recurrir a esta figura. En todo caso, se hai solicitude, estudarase e que se o solicitan, terano.

O STEG interésase por se existe algún tipo de prazo, mesmo estimado, e a Xefatura responde que non o hai, se ben é certo que o ano pasado durante abril e maio, fóronse recibindo solicitudes e que é agora o tempo de ir facéndoos cara o curso que vén.

2. EPAPU de ALBEIROS

A Xunta de Persoal manifesta a súa postura(a necesidade de respectar o catálogo actual e que as persoas que se encontran no centro por riba do mesmo, sigan nesa situación, no caso de que a mesma se alongue no tempo)

Indícase tamén que se trata dun centro de referencia na atención ao alumnado inmigrante e que ten unha matrícula moi alta e que debera garantirse que poida seguir nesta liña.

A Xefatura de Inspección informa de que está sobre o tema.

En rogos e preguntas, volvendo sobre o primeiro tema da xuntanza, a Xunta de Persoal indica de que estudará polo miúdo a adxudicación das prazas de alumnado de atención preferente.

A Xefatura de Inspección pide colaboración e "racionalización" nas esixencias neste eido.

A Xunta de Persoal manifesta a súa disposición construtiva pero sinala que, nos grandes núcleos poboacionais da provincia (Lugo, Vilalba, Monforte, por exemplo) en moitos casos a ratio é excesiva, habendo aulas colapsadas e cun alto grao de diversidade e que neste tema habería que considerar e ter en conta estas variábeis.

Finalmente, a Xefatura de Inspección explica que a petición de certa información por parte de representantes das organizacións sindicais a título individual (provisión de vacantes para o concurso de méritos que finalmente non saíu para o alumnado de atención preferente), non significa que a mesma se vaia a facilitar a todas as demais se non a piden. En todo caso, manifesta que non é a súa intención provocar controversias no normal funcionamento da Xunta de Persoal.

Dende a Xunta de Persoal pídesse unha xuntanza en relación ao concurso de provisionais, en tempo dabondo para poder facer o estudo correspondente.

A Xefatura de Inspección móstrase favorábel a tela, se dispón de tempo.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión.

A Xunta de Persoal terá unha nova reunión o mércores 4 de maio.